



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Expediente: 2025/T004/000002

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do orzamento do ano 2026

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

No cumprimento da Providencia da Alcaldía do 18/12/2025, na que se solicitou informe desta secretaria-intervención en relación coa aprobación do Orzamento Xeral do exercicio económico de 2026 e de acordo co previsto no artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 4.1.b).2º do RD 128/2018 do 16 de marzo, emítese o seguinte informe en base aos seguintes

Antecedentes administrativos:

1) Proxecto de Orzamento para 2026, composto polos seguintes documentos:

- Estado de ingresos e gastos
- Memoria explicativa do seu contido.
- Anexo de persoal
- Anexo de investimentos
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais
- Anexo de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.
- Anexo da débeda
- Informe económico-financeiro
- Bases de execución.
- Estados de execución da Liquidación dos dous exercicios anteriores.
- Cadro de persoal.

2) Providencia da Alcaldía do 18/12/2026, incoando o expediente administrativo e solicitando informe a esta Secretaría-Intervención.

Corresponde á Secretaria-Interventora informar, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias aplicables, nas que funde o seu criterio. Cumprimentando este deber, emítese o seguinte:

I N F O R M E

PRIMEIRO.- Lexislación Aplicable

... que xustifica a emisión deste Informe:

- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.



... aplicable ao expediente administrativo:

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IXAE (novembro 2014).
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea.
- Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 estiveron suspendidas as regras fiscais en España, ao ter apreciado o Pleno do Congreso dos Deputados a concorrencia de circunstancias excepcionais que xustificaban a suspensión dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra do gasto, nas sesións do 20/10/2020 (para os anos 2020 e 2021), 13/09/2021 (para o ano 2022) e 22/09/2022 (para o ano 2023).
- O 10/05/2024 a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local emite un documento denominado "*Preguntas frecuentes sobre los efectos de la reactivación de las reglas fiscales en 2024 con relación a las Entidades Locales*", no que se sinala que:
"Durante los ejercicios 2020, 2021, 2022 y 2023 han estado suspendidas las reglas fiscales en España, siguiendo las recomendaciones de la Comisión Europea, que decidió aplicar la cláusula general de salvaguardia del Pacto de Estabilidad y Crecimiento, para amortiguar los efectos de la pandemia causada por el COVID-19 y, posteriormente, los de la guerra de Ucrania. En la Comunicación de la Comisión Europea al Consejo de 8 de marzo de 2023, apartado 5, se establece la retirada de la cláusula general de salvaguardia a partir de finales de 2023. En consecuencia, las reglas fiscales aplicables a las Administraciones Públicas españolas quedan reactivadas en 2024, quedando éstas obligadas a su cumplimiento"
- Plan Económico-Financeiro para o período 2025-2026, aprobado polo Pleno Corporativo do Concello de Lousame na súa sesión do 15/04/2025.

Con carácter previo, debe realizarse a matización de que o Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de estabilidade orzamentaria (TRLEO), foi derogado pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), que entrou en vigor o 1 de maio de 2012, polo que deberá terse en conta neste informe. Por outra banda, a LOEPSF non derroga expresamente o RD 1463/2007 polo que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, nin existe actualmente normativa de desenvolvemento da LOEPSF, especialmente polo que se refire á súa



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

aplicación concreta ás entidades locais, polo que se entende que o RD 1463/2007 continúa vixente en tanto non se dite a dita normativa de desenvolvemento e naqueles aspectos nos que non entre en contradición coa LOEPSF.

SEGUNDO.- Obxectivo de estabilidade orzamentaria

Concepto:

O Concello de Lousame, en calidade de ente territorial típico, segundo o artigo 2.1.c) da LOEPSF, debe medir a súa estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento SEC 95 (artigo 3): *"a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural"*

O principio de estabilidade orzamentaria concrétese nese artigo 3.1 da LOEPSF como a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Este obxectivo débese determinar desde a perspectiva do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigo 11.6 LOEPSF)

Pódese definir a estabilidade orzamentaria como a existencia dun equilibrio en termos de orzamentación, execución e liquidación, entre os ingresos e os gastos de natureza non financeira, de tal forma que, se os ingresos non financeiros superan aos gastos non financeiros, teríamos capacidade de financiamento. Para o caso inverso, é dicir, que os gastos non financeiros fosen superiores aos ingresos non financeiros, estaríase ante unha situación de necesidade de financiamento, polo que existiría inestabilidade, sen prexuízo do cal, se non se superan os límites fixados polo goberno para cada exercicio económico, non resultaría necesario tramitar Plan Económico Financeiro de Reequilibrio.

Segundo esta definición, a estabilidade orzamentaria conséguese cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Ingresos é igual ou superior á suma dos Capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos. Ese suposto poría de manifesto unha capacidade de financiamento, o cal podería implicar un decremento do endebedamento da Entidade Local. En caso contrario, se os gastos son maiores aos ingresos, reflicte unha necesidade de financiamento o cal suporá un incremento do volume de débeda neta da Administración.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria será proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, aprobado polo Goberno.

A absoluta excepcionalidade da situación de emerxencia sanitaria, declarada como pandemia internacional o 11.03.2020 pola Organización Mundial da Saúde, condicionou a actividade lexislativa dos últimos meses, adoptándose medidas temporais de carácter extraordinario para mitigar o impacto sanitario, social e económico da dita pandemia. Os Orzamentos Municipais veranse condicionados por un maior gasto social e a necesidade de reactivar a economía e adoptar medidas preventivas para mitigar a repercusión do brote da Covid-19.

Así, dende o 20 de outubro do 2020 e tras o acordo adoptado polo Consello de Ministros o 6 de outubro de 2020, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra do gasto non resulta obrigatorio para as Entidades Locais nos exercicios 2020, 2021 e 2022.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O mesmo sucedeu para o exercicio 2023. Existiu un novo acordo adoptado polo Concello de Ministros o 26 de xullo de 2022, que suspendía o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para ese ano.

O ano 2024 comeza con certa intertidume en relación aos obxectivos estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra do gasto. Neste contexto, o Concello de Lousame aproba o Orzamento 2024 (aprobación inicial que tivo lugar na sesión do 22/03/2024 e publicación da súa aprobación definitiva no BOP núm. 80 do 24/04/2024).

O día 10/05/2024 a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local (SGFAL) emite un documento denominado "*Preguntas frecuentes sobre los efectos de la reactivación de las reglas fiscales en 2024 con relación a las Entidades Locales*", no que confirma que as regras fiscais volven estar activas a partires do exercicio 2024.

Correspóndelle á Intervención local a avaliación do cumprimento deste obxectivo (segundo a artigo 16 do RLEO) mediante a emisión dun informe, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da aprobación, modificación ou liquidación do orzamento.

O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria debe verificarse tanto na aprobación do orzamento anual, como nas modificacións orzamentarias e nas liquidacións dos orzamentos (art. 15.1 RD 1463/2007). En particular, o art. 16.2 do RD 1463/2007 establece que "*a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe se emitirá con carácter independente e incorporará os previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación*".

De acordo con este artigo, cando o resultado deste informe sexa o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, deberá remitirse á Xunta de Galicia (por ser competencia desta a tutela financeira do Concello) no prazo de 15 días dende a toma de coñecemento polo Pleno de dito informe. Debe terse en conta que mentres que a aprobación do orzamento e dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito son competencia do Pleno, as restantes modificacións orzamentarias e a aprobación da Liquidación do orzamento son competencia da Alcaldía. En consecuencia, e posto que o art. 16.2 fala do coñecemento polo Pleno do informe sobre estabilidade orzamentaria tamén nestes supostos, dedúcese que no caso destas materias que non son de competencia do Pleno (como a liquidación do orzamento), deberá remitirse o dito informe aos ditos órganos para o seu coñecemento e no prazo de 15 días dende entón deberá remitirse á Xunta de Galicia.

Cálculo:

Considérase que un orzamento se aproba en situación de estabilidade orzamentaria cando a diferenza existente entre os ingresos non financeiros previstos e os gastos non financeiros igualmente previstos é cero ou maior que cero; isto é, a diferenza entre a suma das previsións de ingresos dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e a suma dos créditos iniciais dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos.

Posteriormente, será necesario realizar unha serie de axustes para adaptar a contabilidade española á europea, sendo estes axustes determinados pola IGAE, se ben a Subdirección Xeral de



Relacións Financeiras coas Entidades Locais engade algún máis ao mencionado pola IGAE como é o axuste por execución do orzamento.

O proxecto de Orzamento para o 2026 pon de manifesto os seguintes datos:

ESTADO DE GASTOS: Gastos non financeiros		
Capítulo	Descrición	Importe
1	Gastos de Persoal	1.447.984,83
2	Gastos en bens correntes e de servizos	1.441.663,05
3	Gastos Financeiros	11.500,00
4	Transferencias correntes	260.526,00
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	0
6	Investimentos reais	529.834,66
7	Transferencias de capital	0,00
Total Gastos (1)		3.691.508,54 €
ESTADO DE INGRESOS: Ingresos non financeiros		
1	Impostos directos	677.573,45
2	Impostos indirectos	45.000,00
3	Taxas e outros ingresos	513.294,65
4	Transferencias correntes	2.094.323,58
5	Ingresos Patrimoniais	2.200,00
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	492.742,53
Total ingresos (2)		3.825.134,21 €
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria sen axustar: (3) = (2 - 1)		133.625,67 €

Polo tanto, antes de axustes, a o proxecto orzamentario para 2026 arroxa unha situación de **superávit orzamentario cifrada en 133.625,67 €**.

Para o cálculo da estabilidade orzamentaria é necesario realizar unha serie de axustes propostos pola Intervención Xeral do Estado (IGAE), no seu *Manual de Cálculo do Déficit Público*, a fin de adaptar a contabilidade pública estatal á contabilidade pública europea, derivados da existencia de diferenzas de imputación.

Os axustes SEC son os seguintes, de acordo cos formularios da Guía da comunicación publicados na Oficina Virtual das EE.LL.:

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe do axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2026 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	18.023,45	Aplícase ás PI do capítulo 1 do EI a porcentaxe de execución media dos tres



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

			últimos orzamentos cuxa liquidación está aprobada (2022, 2023 e 2024)
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0	Aplicase ás PI do capítulo 1 do EI a porcentaxe de execución media dos tres últimos orzamentos cuxa liquidación está aprobada (2022, 2023 e 2024)
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-77.302,17	Aplicase ás PI do capítulo 1 do EI a porcentaxe de execución media dos tres últimos orzamentos cuxa liquidación está aprobada (2022, 2023 e 2024)
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	0,00	Non se da este suposto
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	0,00	Non se da este suposto
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00	Non existe certeza sobre a existencia de reintegros no 2026, relativo a devolucións negativas da PIE de exercicios precedentes. Por este motivo non se aplica ningún axuste.
GR006	Xuros	0,00	Non se da este suposto
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	Axustes polo grao de execución do gasto	33.269,80	Aplicanse aos CI do capítulo 1 ao 7 do EG a porcentaxe de inexecución media dos tres últimos orzamentos cuxa liquidación está aprobada (2022, 2023 e 2024)
GR009	Investimentos realizadas por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por ventas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	Este dato coñecerase coa liquidación do orzamento 2025. Nos CI do 2026 non se consignan cantidades para facturas de



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

			<i>exercicios anteriores.</i>
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00	Non se da este suposto
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	Non se da este suposto
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta de outra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto
GR020	Devoluciones de ingresos pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento 2024
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento de 2024
GR099	Outros	0,00	Non se da este suposto
Total de axustes ao saldo orzamentario		-26.008,92 €	

A continuación expoño unha breve explicación en relación aos axustes realizados:

1. **AXUSTES NO ORZAMENTO DE GASTOS:**

Na contabilidade nacional (*europa*) os gastos impútanse, xeralmente, de acordo co "principio de vindicación", mentres que no orzamento rexe o criterio de caixa e o gasto contabilízase no exercicio no que se recoñece e liquida a obrigación (ORN).

Vou analizar os axustes que se produciron nas dúas últimas liquidacións aprobadas e os que previsiblemente tamén se producirán na liquidación do orzamento 2026.

1.1 **Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento (GR014).**

Son gastos realizados no exercicio 2025 e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos a 31.12.2025, que quedarán reflectidos na conta 4130 a 31.12.2025.

Na conta 4130 "*acreedores por operacións correntes pendentes de aplicar ao orzamento*" recóllense as obrigas derivadas de gastos para os que non se produciu a aplicación ao orzamento.



Dado que no ámbito da contabilidade nacional (Europa) rexe o principio de vindicación, débese considerar coma gasto efectivamente realizado, independentemente do momento da súa imputación orzamentaria.

¿Como funcionaría este axuste na Liquidación do Orzamento do 2024? Segundo as instrucións da IGAE, se a diferenza entre o saldo final e inicial nesa conta é positiva, aumentarase o déficit (denota un maior gasto realizado no 2025 e non aplicado). Mentres que se a diferenza é negativa, diminuírase o déficit (suporía a imputación ao orzamento de 2026 doutros gastos de exercicios anteriores ao liquidado).

Á data de emisión deste informe, os movementos da conta 4130 están do seguinte xeito:

(1) Saldo a 01.01.2025 na 4130	68.527,39
(2) Saldo a 18.12.2025 na 4130	165.000,00
Diferenza (2-1)	96.472,61
<i>Consecuencia: incremento do déficit ou diminución do saldo orzamentario do 2026</i>	

Na data de emisión deste informe non se ten certeza absoluta (posto que non está pechado o exercicio 2025) de que gastos do exercicio 2025 non poderán ser aplicados e polo tanto pasarán a incrementar o saldo final da conta 4130. Gastos que previsiblemente poderían ser asumidos con cargo ao Orzamento do 2026 (e non serían considerados gastos do 2026)

Pero tamén é verdade que nos créditos iniciais do Orzamento 2026 non se contemplan créditos específicos para facer fronte a facturas de exercicios anteriores. Así, non hai ningún crédito inicial do Orzamento de 2026 que ampare gastos que non sexa do exercicio 2026; e que polo tanto non deban computar como gasto efectivo do futuro Orzamento. Así, por un principio de prudencia, non se aplica o axuste GR014 aos créditos iniciais do Orzamento 2026.

1.2 **Xuros vindicados e non vencidos de préstamos concertados (GR006).**

Na contabilidade nacional os xuros vindicados e non vencidos no 2026 considéranse gastos no exercicio e deben terse en conta a efectos de axustar os gastos orzamentarios á alza ou á baixa, segundo proceda.

O Concello cancelou tódolos préstamos a longo prazo que podían vindicar xuros. A débeda a longo prazo que ten vixente o Concello é coa Deputación Provincial (PAI 2015, PAI 2016, Préstamo Provincial 2017, 2018, 2019 e 2020) e co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023), pero estes préstamos non vindican xuros.

No Orzamento 2026 consígnase unha contía para facer fronte aos xuros dunha posible operación non orzamentaria de Tesourería (operación a curto prazo) e posibles xuros de mora que se poidan producir ao longo do exercicio.

Como non se ten certeza de que se vaian concertar e a cantidade á que se refire é porcentualmente insignificante; por aplicación do principio de importancia relativa, non se practica ningún axuste no saldo orzamentario 2026.



1.3. **Axuste polo grao de execución do gasto (GR015)**

Este axuste no caso de ser positivo incrementa o saldo orzamentario (menor déficit, maior estabilidade orzamentaria). Pola contra se é negativo diminuírá o saldo orzamentario (maior déficit, menor estabilidade orzamentaria)

Trata de definir en que medida os créditos consignados no capítulo 1 a 7 de gastos, chegarán a converterse en obrigacións recoñecidas (OR) a finais do exercicio 2026.

Segundo a Guía para a determinación da regra do gasto elaborada pola IGAE, na súa **segunda edición (12.03.2013)**, débense tomar os datos dos últimos tres exercicios orzamentarios (2022, 2023 e 2024). E logo deducir os valores atípicos. Regulábase así:

<<El porcentaje estimado del grado de ejecución del presupuesto del año n tendrá como límite, superior o inferior, la media aritmética de los porcentajes del grado de ejecución de los créditos por operaciones no financieras del Presupuesto de gastos de los tres ejercicios anteriores, una vez eliminados valores atípicos>>

A IGAE matizou o concepto de “**valor atípico**” nunha consulta formulada polo Colexio Oficial dos FHE de Ourense:

“Enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. Aos efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúe a media aritmética que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento.

Entre outros consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:

- *Os gastos de natureza extraordinaria derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións aboadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.*
- *Os gastos financiados con subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen no cálculo do gasto computable para a determinación da regra de gasto.*
- *Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais coñecidos no mesmo exercicio, dado que no cálculo do gasto computable considérase o investimento neto.*
- *Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pagamento a provedores.*

Se esta media é negativa (positiva) implicará unha execución inferior (superior) aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grao de execución non poderá ser superior (inferior) a esta media dando lugar a un axuste que diminuírá (aumentará) os empregos non financeiros.”

Segundo a Guía para a determinación da regra do gasto elaborada pola IXAE, na súa **terceira edición (novembro 2014)**, o cálculo debe facerse do seguinte xeito:

<<Este ajuste reducirá los empleos no financieros en aquellos créditos que por sus características o por su naturaleza se consideren de imposible ejecución en el ejercicio presupuestario. Y los aumentará en aquellos créditos cuya ejecución vaya a superar el importe de los previstos inicialmente.

Este ajuste se estimará por cada Entidad Local en función de la experiencia acumulada de años anteriores sobre las diferencias entre las previsiones presupuestarias y la ejecución real>>



Como se observa, hai unha variación na forma de calcular este axuste. Na 2ª edición falábase de comparar os tres exercicios anteriores e eliminar valores atípicos. Na 3ª edición, indica que se estimará en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real. Non se fai ningunha referencia a valores atípicos.

Para realizar este cálculo e acadar un resultado o máis fiel posible á realidade, tomarei os datos dos últimos 3 orzamentos cuxa liquidación estea aprobada: 2022, 2023, e 2024. Efectuarei a comparación dos créditos iniciais de cada Orzamento coas OR de cada un. E non se terán en conta as OR que non teñen a súa orixe nos créditos iniciais (senón en modificacións orzamentarias que incrementaron á alza o Estado de Gastos); xa que o que se trata é de determinar até que punto os Créditos Iniciais se converterán en OR ao final do exercicio. Así no caso de que as OR en cada capítulo superen aos CI (como consecuencia da aprobación de MC durante o exercicio) terase en conta unha execución ao 100%.

O resultado é o seguinte:

Cap	ANO 2022			ANO 2023			ANO 2024			Media execución	Media inexecución
	CI	OR	Exec %	CI	OR	Exec %	CI	OR	Exec %		
1	1.086.763,56	1.088.081,93	100,12	1.164.487,38	1.216.820,82	104,49	1.353.258,62	1.268.667,48	93,75	99,45	0,55
2	1.252.468,56	1.390.015,99	110,98	1.254.599,11	1.532.933,54	122,19	1.412.924,69	1.587.431,58	112,35	100,00	-
3	8.850,00	6263,43	70,77	11.885,40	4476,69	37,67	11.650,00	2.890,04	24,81	44,42	55,58
4	248.167,54	230.041,74	92,70	243.292,56	231.193,62	95,03	241.615,00	218.656,92	90,50	92,74	7,26
5							0				
6	563.989,05	724.445,79	128,45	854.689,08	591.554,53	69,21	719.359,66	1.044.907,49	145,26	100,00	-
7											

Aplicando a media de inexecución orzamentaria nos tres últimos exercicios con liquidación aprobada, aos créditos iniciais do 2026, o resultado é o seguinte:

Cap	CI 2026	Media inexecución	OR inexecución estimada 2026
1	1.447.984,83	0,55	7.963,92
2	1.441.663,05	0,00	0,00
3	11.500,00	55,58	6.391,70
4	260.526,00	7,26	18.914,19
5	0,00	0,00	0,00
6	529.834,66	0,00	0,00
7	0	0,00	0,00
	3.691.508,54		33.269,80

Polo tanto, o saldo orzamentario 2026 debe ser axustado (en aumento) polo importe de 33.269,80 €, que supón a diminución do déficit nesa contía.

Rematados os axustes no Orzamento de Gastos 2026 o resultado é o seguinte:



Orzamento de gastos antes de axustes		3.691.508,54
Axustes SEC 95	GR014	0,00
	GR006	0,00
	GR015	(-)33.269,80
Orzamento de gastos despois de axustes		3.658.238,74

2. AXUSTES NO ORZAMENTO DE INGRESOS:

Vou analizar os axustes que se produciron nas dúas últimas liquidacións aprobadas e os que previsiblemente tamén se producirán na liquidación do orzamento 2026.

2.1 Axustes pola recadación dos capítulos 1 a 3 (GR000, GR000b, GR000c).

Na contabilidade nacional os ingresos tributarios impútanse, con carácter xeral, segundo o principio de caixa (recadación líquida do exercicio corrente e pechados).

No orzamento rexe o principio de vindicación e polo tanto, o ingreso contabilízase no exercicio que se recoñece e liquida o dereito (DRN), independentemente da súa recadación, polo que hai que facer o correspondente axuste. O mesmo virá determinado pola diferenza entre os DRN e as cantidades efectivamente recadadas durante o 2026, tanto de corrente coma de pechados; de xeito que, se o importe dos DRN supera o valor dos cobros de exercicio corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario incrementando o déficit público da Corporación. Se, pola contra, a contía dos DRN é inferior ao importe recadado no 2026 nas agrupacións de correntes e pechados, o axuste será positivo, diminuindo o déficit.

É moi difícil coñecer como se comportará a recadación no exercicio 2026; para poder comparar até que punto as PI do Orzamento 2026 estarán axustadas á realidade da recadación tanto de corrente como de pechados deste exercicio.

Pero ao efectuar o axuste polo grao de execución no Orzamento de Gastos; é preciso efectuar tamén o axuste pola recadación nos capítulos 1 a 3 de ingresos, para estimar até que punto os ingresos non financeiros (capítulo 1 a 7 de ingresos) cobren os gastos non financeiros (capítulo 1 a 7 de gastos)

Para levar a cabo este cálculo partirei dos últimos tres exercicios orzamentarios cuxa liquidación estea aprobada (2022, 2023 e 2024) e calcularei a media da porcentaxe de execución dos tres exercicios, comparando as súas PI coa Recadación total (tanto de corrente coma de pechados) que se produciu en cada exercicio. Calculada a media de execución do orzamento de ingresos nos capítulos 1 a 3, aplicárase a citada media ás Previsión Iniciais do Orzamento 2026.

O resultado é o seguinte:

Cap	AÑO 2022			AÑO 2023			AÑO 2024			Media execución
	Recadación total	PI	% execución	Recadación total	PI	% execución	Recadación total	PI	% execución	
1	601.864,23	584.500,00	102,97	588.922,30	607.500,00	96,94	648.860,75	600.500,00	108,05	102,66
2	29.096,44	40.000,00	72,74	42.692,01	35.000,00	121,98	200.045,72	45.000,00	444,55	213,09
3	347.009,66	363.448,56	95,48	337.954,27	394.113,57	85,75	347.899,24	472.740,48	73,59	84,94



No suposto do capítulo 2 a media de execución é atípica. Por iso enténdese que non se produce nin inexecución, nin sobre-execución.

Aplicando a media de execución orzamentaria dos capítulos 1 a 3 de ingresos nos tres últimos exercicios con liquidación aprobada, ás previsións iniciais do 2026, o resultado é o seguinte:

Cap	PI Orzamento 2026	Media execución	Recadación estimada	Axuste ao saldo orzamentario 2026
1	677.573,45	102,66	695.596,90	18.023,45
2	45.000,00	100,00	45.000,00	0,00
3	513.294,65	84,94	435.992,48	-77.302,17
Total axustes				-59.278,72

Polo tanto, en virtude deste axuste hai que diminuír o saldo orzamentario (e incrementar o déficit) na contía de **-59.278,72 €**.

2.2 **Axustes pola PTE (GR001, GR002, GR002b).**

Na contabilidade nacional (*europea*) os pagos mensuais a conta dos impostos cedidos e dos Fondos Complementarios de Financiamento rexístranse no período en que se pagan polo Estado, e a liquidación definitiva resultante no momento en que se determina a súa contía e se realiza o ingreso.

Pero é preciso realizar o seguinte axuste, que de seguido se explica:

Axuste polo reintegro no 2026 de liquidacións negativas de exercicios anteriores

O importe dese reintegro constitúe un **axuste positivo (menor déficit)**, que opera sumando dito importe aos DRN no concepto 42000 do exercicio 2026. Estes reintegros ou devolucións de liquidacións negativas contabilízanse en contabilidade orzamentaria coma devolucións de ingresos indebidos, figurando na liquidación orzamentaria, no apartado de "Dereitos Anulados" e diminuindo os DRN do exercicio 2026.

No exercicio 2022 e 2023 producíronse reintegros das liquidacións negativas do 2020. Pero aínda non temos datos sobre os reintegros que terán lugar no 2026. De feito nas notificacións relativas á PTE do 2025 non se aplicou ningún tipo de reintegro.

Por este motivo, e por un principio de prudencia, non se aplica ningún axuste. Xa que aplicar algún tipo de axuste implicaría incrementar o saldo orzamentario (ou diminuír o déficit)

Finalizados os axustes no Orzamento de Ingresos, o resultado é o seguinte:

Orzamento de ingresos antes de axustes	3.825.134,21
GR000	18.023,45



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Axustes SEC 95	GR000b	0,00
	GR000c	-77.302,17
	GR001	0,00
	GR002	0,00
	GR002b	0,00
Orzamento de ingresos despois de axustes		3.765.855,48 €

Despois de practicar os axustes, a situación é a seguinte:

Total Gastos antes de axustes (1)	3.691.508,54
Total ingresos antes de axustes (2)	3.825.134,21
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria sen axustar : (2 - 1)	133.625,67
Total gastos despois de axustes (3)	3.658.238,74
Total ingresos despois de axustes (4)	3.765.855,48
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria axustada : (4 - 3)	107.616,75

Ou, o que é o mesmo:

Saldo orzamentario antes de axustes (1)	133.625,67
Axustes ao saldo orzamentario (2)	-26.008,92
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria axustada : (1 +2)	107.616,75

Así, o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria **no proxecto de orzamento 2026** é de **superávit orzamentario de 107.616,75 €**, polo que pode concluírse que os créditos e previsións iniciais do Orzamento 2026 cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Advirtese que se trata de meras previsións, que dependen da execución do orzamento do 2026 e que non se coñecerán até que se liquide definitivamente o dito exercicio.

TERCEIRO: Cumprimento da regra de gasto

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No 2014 foi modificada a Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF mediante Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro; concretamente a modificación dos artigos 15.3 c) e 16.4.

Esta modificación supón que non é preceptivo o informe da intervención local sobre o cumprimento da regra de gasto **en fase de elaboración do orzamento**, estando solo previsto como informe en fase de liquidación do orzamento.

Os citados artigos sinalan:

"Artículo 15 Obligaciones anuales de suministro de información

Con carácter anual se remitirá la siguiente información:

3. Antes del 31 de enero de cada año:

a) Los presupuestos aprobados y los estados financieros iniciales de todos los sujetos y entidades comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Orden, de las inversiones previstas realizar en ejercicio y en los tres siguientes, con su correspondiente propuesta de financiación y los estados de previsión de movimiento y situación de la deuda.

Si a 31 de enero no se hubiera aprobado el Presupuesto, deberá remitirse el prorrogado con las modificaciones derivadas de las normas reguladoras de la prórroga, hasta la entrada en vigor del nuevo Presupuesto.

*b) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la **capacidad o necesidad de financiación**, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.*

*c) El informe de la intervención de **evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad y del límite de la deuda**"*

"Artículo 16 Obligaciones trimestrales de suministro de información

Antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá la siguiente información:

3. La información que permita relacionar el **saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.**

4. La actualización del informe de la intervención del cumplimiento del objetivo de estabilidad y del límite de la deuda. Asimismo, la intervención realizará una valoración del cumplimiento de la regla de gasto al cierre del ejercicio".

Así, trimestralmente deberá facerse unha valoración do cumprimento da regra do gasto ao peche do exercicio de que se trate.

Aínda que non sexa preciso (segundo a regulación sinalada) o informe da intervención sobre o cumprimento da regra do gasto en fase de elaboración do orzamento, considero que debería procederse ao seu cálculo, para garantir que os créditos iniciais do proxecto do orzamento 2026, e a súa execución estimada, poden cumprir coa dita regra do gasto.



Cálculo do gasto computable:

Débese comparar o gasto computable do 2025, incrementado coa taxa de crecemento (3,5 %), co gasto computable do Orzamento 2026.

O gasto computable serán os empregos non financeiros definidos polo SEC, excluídos os xuros da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Segundo a IGAE este cálculo realízase partindo da liquidación do orzamento de 2025 ou da súa estimación; isto é, sobre as base das obrigas recoñecidas no capítulo 1 a 7 deducindo as cantidades contabilizadas no capítulo 3 (gastos financeiros) que se corresponden con xuros, así coma o gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Para a comparación do gasto computable do 2026 en relación ao gasto computable do exercicio 2025, vanse tomar os datos estimados calculados no expediente de aprobación do orzamento definitivo 2025 (xa que a día de hoxe non está aprobada a liquidación deste orzamento).

CI DO ORZAMENTO 2026	
RESUMO POR CAPÍTULO	
CAPÍTULO 1	1.447.984,83
CAPÍTULO 2	1.441.663,05
CAPÍTULO 3	11.500,00
CAPÍTULO 4	260.526,00
CAPÍTULO 6	529.834,66
CAPÍTULO 7	0
TOTAL	3.691.508,54

Concepto	Estimación Liquidación 2025	Estimación Liquidación 2026
Total Empleos non financeiros antes de axustes (cap. 1 a 7, deducidos gastos financeiros)	3.873.980,92	3.691.508,54
Axustes. Cálculo dos empregos non financeiros segundo o SEC		
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais		
(+/-) Invetimentos realizados por empresas que non son AAPP por conta da CCLL		
(+/-) Invetimentos realizados pola CCLL por conta doutra AAPP		
(+/-) Execución de avais		
(+) Achegas de capital		
(+/-) Asunción e cancelación de débeda		
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	96.472,61 <i>Este dato é provisional ao non estar pechado o exercicio</i>	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas		
(+/-) Adquisicións con pago aprazado		
(+/-) Arrendamento financeiro		
(+) Préstamos		
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a		



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

provedores 2012		
(+/-) Axuste polo grao de execución	-32.567,67	-33.269,80
	Aplicanse aos CI do capítulo 1 ao 7 do EG a porcentaxe de inexecución media dos tres últimos orzamentos cuxa liquidación está aprobada (2022, 2023 e 2024)	Aplicanse aos CI do capítulo 1 ao 7 do EG a porcentaxe de inexecución media dos tres últimos orzamentos cuxa liquidación está aprobada (2022, 2023 e 2024)
Total empregos non financeiros en termos SEC	3.937.885,86	3.658.238,74
(-) Pagamentos por transferencias a outras entidades que integran a Administración Local		
(-) Gasto financiado con fondos finalistas	-1.771.596,63	-1.378.198,04
	Estímase segundo o capítulo 4 e 7 de ingresos, deducidos os conceptos PIE, FCL e POS redución endebedamento (financia capítulo 9)	Estímase segundo o capítulo 4 e 7 de ingresos, deducidos os conceptos PIE, FCL e POS redución endebedamento (financia capítulo 9)
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento		
Total gasto computable exercicio	2.166.289,23	2.280.040,70

(-) Diminución do gasto computable por investimentos financeiramente sostibles (DA 6ª)	0
Total Gasto Computable - IFS	2.280.040,70
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	107.658,49

Gasto computable liquidación estimada 2025	2.166.289,23
Taxa referencia crecemento PIB 2026	3,5 % (+75.820,12)
Gasto computable incrementado pola TRCPIB	2.242.109,35
Aumento/diminución recadación 2026	107.658,49
Gasto computable máximo estimado 2026	2.349.767,84
Gasto computable estimado liquidación 2026	2.280.040,70
Déficit (-) / Superávit (+) regra do gasto	69.727,14

De acordo cos datos anteriores, verifícase o **cumprimento da regra do gasto** na estimación da liquidación do orzamento 2026.

Advirtese que se trata de meras previsións, que dependen da tanto da execución do orzamento do 2025 coma do 2026 e que non se coñecerán até que se liquiden definitivamente os ditos exercicios.



CUARTO.- Outras magnitudes: límite da débeda

O artigo 53.2 do TRLRFL establece que o nivel máximo de endebedamento até o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100.

Pero a DF 31ª da LOXE para o exercicio 2013, modifica o RD 20/2011, de 30 de decembro, no seguinte sentido:

<<DF Trigésima primeira Modificación del Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público

Con efectos de la entrada en vigor de esta Ley y vigencia indefinida, la disposición adicional decimocuarta del Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre (LA LEY 26627/2011), de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público, queda redactada como sigue:

*«Las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas, que **liquiden el ejercicio inmediato anterior con ahorro neto positivo**, calculado en la forma que establece el **artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo** podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, **cuando el volumen total del capital vivo no exceda del 75 por ciento de los ingresos corrientes liquidados** o devengados según las cifras deducidas de los estados contables consolidados, con sujeción, en su caso, al Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la Normativa de Estabilidad Presupuestaria.*

*Las Entidades Locales que tengan un volumen de endeudamiento que, **excediendo al citado** en el párrafo anterior, **no supere** al establecido en el **artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo**, podrán concertar operaciones de endeudamiento **previa autorización** del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.*

*Las entidades que presenten **ahorro neto negativo** o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, **no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.***

*Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los **ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios** aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, **no tienen la consideración de ingresos ordinarios.***

*A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a **31 de diciembre del año anterior**, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado.*

Las Entidades Locales pondrán a disposición de las entidades financieras que participen en sus procedimientos para la concertación de operaciones de crédito, el informe de la Intervención local regulado en el apartado 2 del artículo 52 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, en el que se incluirán los cálculos que acrediten el cumplimiento de los límites citados en los párrafos anteriores y cualesquiera otros ajustes que afecten a la medición de la capacidad de pago, así como el cumplimiento, en los casos que resulte de aplicación, de la autorización preceptiva



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

regulada en el artículo 53.5 de la citada norma y en el artículo 20 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, pudiendo las entidades financieras, en su caso, modificar o retirar sus ofertas, una vez conocido el contenido del informe.»

Cálculo do nivel de endebedamento:

En canto ao seu cálculo:

- Para a determinación dos ingresos correntes hai que **excluir** calquera **ingreso** que se considere **extraordinario**
- Hai que ter en conta tódalas **operacións vixentes** a 31 de decembro de 2025, incrementado cos saldos das operacións formalizadas non dispostas e o importe das **operacións proxectadas**.
- **Non** se terán en conta os saldos que se deban **reintegrar** derivados das liquidacións definitivas da **PTE**.

Pártese de novo dos datos da liquidación do exercicio 2024, última aprobada, actualizando os datos a día de hoxe.

En canto ao capital vivo, o seu valor a 31/12/2025 é, en termos absolutos:

ENTIDADE	PRESTAMO Nº	CAPITAL VIVO
DEPUTACIÓN	Plan de Aforro e Investimento 2015	44.224,06
DEPUTACIÓN	Plan de Aforro e Investimento 2016	174.875,93
DEPUTACIÓN	Préstamo Provincial 2017	108.484,72
DEPUTACIÓN	Préstamo Provincial 2018	181.959,08
DEPUTACIÓN	Préstamo Provincial 2019	129.034,12
DEPUTACIÓN	Préstamo Provincial 2020	130.648,91
IGVS	Fondo Cooperación 2022	141.811,79
IGVS	Fondo Cooperación 2023	32.998,34
Sen definir	Operación proxectada de Tesourería Orz. Definitivo 2026	100.000,00
TOTAL		1.044.036,95

Os **ingresos correntes liquidados** no exercicio **2024** son:

Capítulo de Ingresos	DRN 2024
1	648.860,75



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2	226.622,30
3	360.481,48
4	2.323.712,29
5	1.560,00
Total Xeral	3.561.236,82
Ingresos extraordinarios (-)	441.835,98
Ingresos correntes	3.119.400,84

E o nivel de capital vivo, en termos porcentuais é:

Capital vivo a 31/12/2025 máis operacións proxectadas no Orzamento definitivo 2026	1.044.036,95
--	--------------

DRN 1 a 5 2024	3.561.236,82
----------------	--------------

Ingresos extraordinarios	-441.835,98
--------------------------	-------------

Ingresos correntes computables	3.119.400,84
--------------------------------	--------------

Nivel de endebedamento	33,47 %
-------------------------------	----------------

Polo tanto, o Concello de Lousame cumpre cos límites de nivel de endebedamento que se fixan na DA 14ª do RD-Lei 20/2011 (inferior ao 75%)

QUINTO: Comprobación do cumprimento do límite de gasto non financeiro

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais a mesma obrigaón que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Debería aprobarse, pola Presidencia, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do Orzamento de 2026.

Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigaón de remisión de información sobre o teito de gasto.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Indícase que o límite de gasto non financeiro non é obxecto de control a través das obrigas trimestrais de remisión de información ao Ministerio de Facenda e que é moi difícil o seu cumprimento no caso de recepción de subvencións.

Así, no caso de que o Concello de Lousame se beneficie dunha subvención non recollida nas previsións iniciais do orzamento 2026 e cun coeficiente de financiamento de 1 (financiamento externo ao 100 %) e que non se tivese en conta para o cálculo do límite de gasto non financeiro, podería supoñer o incumprimento deste límite máximo, xa que supón un maior gasto desta natureza.

Sen embargo, non afecta ao cumprimento da regra de gasto, xa que este gasto computable non se terá en conta a través do axuste das obrigas financiadas con subvencións finalistas.

Así, este límite resulta bastante inoperativo na xestión económico-orzamentaria dos entes locais, co engadido de que non está sendo obxecto de control.

Conforme a isto, no Orzamento do 2026 o límite de gasto non financeiro será coherente en termos orzamentarios coa necesaria nivelación orzamentaria esixida polo artigo 165.4 do TRLRFL. Así, serán os ingresos non financeiros os que marcarán ese teito de asignación de recursos.

SEXTO: Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e nivel de débeda.

O proxecto de orzamento para o ano 2026 do Concello de Lousame (A Coruña) cumprirá o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, así como o obxectivo de débeda pública.

Reitero, de novo, que se trata de previsións e que están condicionadas ao ritmo de execución do propio orzamento. Os datos definitivos serán coñecidos no momento de aprobar a liquidación do orzamento 2026.

Este é o meu informe, que emito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito. De tódolos xeitos o órgano competente para resolver, no seu máis alto criterio, adoptará a decisión que estime máis conveniente ao interese xeral.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero.

Visto. Achéguese ao expediente.
O Alcalde, Esteban Ares García